

# EMPREGO NO SECTOR TURÍSTICO GALEGO

Informe anual 2015

**Contacto:**

Axencia Turismo de Galicia  
Área de estudos e investigacións  
Estrada Santiago - Noia km 3. A Barcia  
Santiago de Compostela  
15896 - (A Coruña)  
Teléfono: (+34) 881 995 262  
Fax: (+34) 981 542 659  
<http://ww.ietgalicia.com/>

## Índice

<b>1</b>	<b>Introdución</b>	<b>4</b>
<b>2</b>	<b>Conxuntura económica</b>	<b>5</b>
<b>3</b>	<b>Enquisa de poboación activa</b>	<b>7</b>
3.1	Ocupados no sector turístico . . . . .	13
3.1.1	Ocupados: Rama de actividade . . . . .	14
3.1.2	Ocupados: Sexo . . . . .	15
3.1.3	Ocupados: Idade . . . . .	16
3.1.4	Ocupados: Nivel de estudos . . . . .	17
3.2	Ocupados no sector turístico segundo a súa situación profesional . . .	19
3.2.1	Situación profesional: Rama de actividade . . . . .	19
3.2.2	Situación profesional: Sexo . . . . .	21
3.2.3	Situación profesional: Idade . . . . .	23
3.2.4	Situación profesional: Nivel de estudos . . . . .	24
3.2.5	Situación profesional: Taxa de asalarización . . . . .	26
3.3	Asalariados no sector turístico segundo a modalidade contractual . . .	26
3.3.1	Modalidade contractual: Rama de actividade . . . . .	26
3.3.2	Modalidade contractual: Sexo . . . . .	28
3.3.3	Modalidade contractual: Idade . . . . .	29
3.3.4	Modalidade contractual: Nivel de estudos . . . . .	31
3.3.5	Modalidade contractual: Taxa de temporalidade . . . . .	31
3.4	Ocupados no sector turístico segundo provincia . . . . .	33
3.4.1	Provincias: Rama de actividade . . . . .	33
3.4.2	Provincias: Sexo . . . . .	34
3.4.3	Provincias: Idade . . . . .	35
<b>4</b>	<b>Afiliación á Seguridade Social</b>	<b>37</b>
4.1	Evolución temporal . . . . .	37
4.2	Réximes de afiliación . . . . .	38
4.3	Análise provincial . . . . .	41
<b>5</b>	<b>Metodoloxía e glosario de termos</b>	<b>43</b>
5.1	Metodoloxía . . . . .	43
5.2	Glosario de termos . . . . .	44

## Índice de figuras

1.	Evolución do PIB da economía galega . . . . .	6
2.	Evolución do índice da cifra de negocios para a hostalaría en Galicia .	7
3.	Evolución dos ocupados nas ramas características do turismo . . . . .	9
4.	Ocupados no turismo sobre o total de ocupados por CCAA . . . . .	10
5.	Evolución da poboación activa e a taxa de paro . . . . .	12
6.	Evolución do volume de ocupados no total da economía e no turismo .	13
7.	Ocupados segundo rama turística e ano . . . . .	14
8.	Ocupados segundo sexo e rama de actividade . . . . .	16
9.	Ocupados segundo sexo e idade . . . . .	18
10.	Ocupados segundo sexo e estudos . . . . .	19
11.	Ocupados segundo situación profesional . . . . .	20
12.	Ocupados segundo situación profesional e rama de actividade . . . . .	22
13.	Ocupados segundo situación profesional e sexo . . . . .	23
14.	Ocupados segundo situación profesional e idade . . . . .	24
15.	Ocupados segundo situación profesional e nivel de estudos . . . . .	25
16.	Asalariados segundo tipo de contrato . . . . .	27
17.	Asalariados segundo tipo de contrato e rama de actividade . . . . .	28
18.	Asalariados segundo tipo de contrato e sexo . . . . .	29
19.	Asalariados segundo tipo de contrato e idade . . . . .	30
20.	Asalariados segundo tipo de contrato e nivel de estudos . . . . .	32
21.	Ocupados segundo provincia e rama de actividade . . . . .	34
22.	Ocupados segundo provincia e sexo . . . . .	35
23.	Ocupados segundo provincia e idade . . . . .	36
24.	Evolución das afiliacións á Seguridade Social . . . . .	38
25.	Afiliacións á Seguridade Social por rama de actividade (xaneiro 1999=100)	39
26.	Afiliacións á Seguridade Social por réxime de afiliación . . . . .	40
27.	Afiliacións á Seguridade Social por provincia . . . . .	41
28.	Afiliacións á Seguridade Social por provincia e réxime . . . . .	42
29.	Afiliacións á Seguridade Social por provincia e rama de actividade . .	43

## Índice de cadros

1.	Ramas características do turismo . . . . .	5
2.	Relación coa actividade económica por sectores e taxas de paro . . . . .	7
3.	Persoas segundo a súa relación coa actividade económica no turismo	8
4.	Ocupados e variación anual por trimestre . . . . .	8
5.	Ocupados estranxeiros en Galicia . . . . .	10
6.	Afiliacións á Seguridade Social por ramas de actividade . . . . .	39

## 1. Introducción

O presente informe, realizado pola Área de Estudos e Investigacións (Turismo de Galicia), aborda unha análise dos datos proporcionados por diferentes fontes oficiais relativos ás actividades económicas características do turismo.

O obxectivo de dita análise é cuantificar e coñecer as principais características dos traballadores clasificados segundo a súa relación coas ramas características do turismo (situación profesional, modalidade contractual, provincia,...). Polo tanto, analízase o emprego turístico dende un enfoque de oferta, manexando os datos que están dispoñibles sobre o persoal empregado por conta propia e allea nestas actividades seleccionadas, e medindo só os efectos máis directos que o turismo ten no emprego. Queda fora da presente análise o impacto que a actividade turística ten a través de efectos indirectos (as variacións no emprego que experimentan outras actividades coas que a industria turística ten relación comercial ante as súas flutuacións de demanda) e inducidos (os efectos que á súa vez as industrias indirectamente afectadas provocan en outras industrias coas súas variacións de demanda). É dicir, a análise do emprego turístico a través dos datos recollidos para as ramas de actividade consideradas características do turismo (Cadro 1 na páxina 5) implica sempre unha infraestimación do impacto que o turismo ten para o conxunto da economía en termos de emprego. Mais, este enfoque tamén implica certa sobreestimación, tendo en conta que as actividades consideradas características do turismo (a partir de agora denomínase ao conxunto destas ramas *sector turístico*) teñen tamén unha parte de actividade non turística.

Asumindo os posibles problemas de infraestimación ou sobreestimación, é necesario delimitar o que se entende por sector turístico, tendo en conta que é unha actividade transversal. Neste informe séguense as recomendacións internacionais en canto ás actividades que se consideran integrantes do turismo, e analízanse os datos en base á Clasificación Nacional de Actividades Económicas do 2009 (CNAE09).

A principal fonte utilizada para os datos de emprego é a Enquisa de Poboación Activa (EPA), realizada polo Instituto Nacional de Estatística (INE) e o Instituto Galego de Estatística (IGE), mais manéxase tamén información extraída dos datos de Afiliación á Seguridade Social proporcionados polo Ministerio de Traballo e Inmigración. A información destas dúas fontes preséntase en epígrafes separados, posto que seguen metodoloxías diferentes que as fai non comparables, pero complementarias á hora de analizar o emprego nas ramas características do turismo.

O informe comeza contextualizando brevemente a conxuntura económica do período estudado. Posteriormente, e segundo a información da EPA, analízanse os datos

<b>Servizos de aloxamento</b>
551 Hoteis e aloxamentos similares
552 Aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estada
553 Campings e aparcamentos para caravanas
559 Outros aloxamentos
<b>Servizos de comidas e bebidas</b>
561 Restaurantes e postos de comidas
562 Provisión de comidas preparadas para eventos e outro servizos de comidas
563 Establecementos de bebidas
<b>Actividades de axencias de viaxes e operadores turístico</b>
791 Actividades de axencias de viaxes e operadores turísticos
<b>Transporte de viaxeiros</b>
491 Transporte interurbano de pasaxeiros por ferrocarril
493 Outro transporte terrestre de pasaxeiros
501 Transporte marítimo de pasaxeiros
503 Transporte de pasaxeiros por vías navegables interiores
511 Transporte aéreo de pasaxeiros
522 Actividades anexas ao transporte
<b>Outras actividades turísticas</b>
771 Aluguer de vehículos de motor
773 Aluguer de outra maquinaria, equipos e bens tanxibles
799 Outros servizos de reservas e actividades relacionadas con eles
900 Actividades de creación, artísticas e espectáculos
910 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais
931 Actividades deportivas
932 Actividades recreativas e de entretemento

**Cadro 1:** Ramas características do turismo


básicos do emprego no sector turístico: actividade, ocupación e paro. Inclúese unha desagregación dos ocupados en función de aspectos como a situación profesional (asalariados e autónomos), tipo de contrato (temporal ou indefinido) ou provincia.

Segundo os datos de afiliación á Seguridade Social, preséntase a evolución do emprego turístico nas ramas de servizos de aloxamento, restauración e axencias de viaxes, tanto en termos de variacións anuais como ó longo da última década, así como unha análise tendo en conta o conxunto do sector turístico.

Para finalizar, inclúese un apartado adicado á metodoloxía e ás diferentes definicións empregadas para elaborar este informe.

## 2. Conxuntura económica

Á hora de analizar a evolución do emprego no sector turístico de Galicia durante o ano 2015, é necesario facer unha breve introdución sobre a situación económica que




**Figura 1:** Evolución do PIB da economía galega

FONTE: IGE. Contabilidade trimestral

se ven desenvolvendo dentro da economía galega.

Durante todo o ano 2015 as taxas de variación trimestral son positivas e unhas taxas de variación anual positivas, o que reflicte nunha evolución positiva da economía galega para o ano 2015. Cabe destacar que xa durante o ano 2014 a tendencia indica que a economía melloraría, obtendo nos últimos trimestres do ano 2014 cifras positivas en termos de variacións trimestrais do PIB, e rompendo a tendencia que se viña producindo dende o terceiro trimestre de 2010. As variacións anuais toman valores negativos a partir do cuarto trimestre de 2008, recuperándose no segundo trimestre de 2010, pero tamén se volven negativas a partir do terceiro trimestre de 2011.

Por outra parte cabe destacar o comportamento que recolle o índice da cifra de negocios. Dito índice comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens. En base a esta variable, o INE elabora os indicadores da actividade do sector servizos (IASS), que miden a evolución a curto prazo da actividade das empresas pertencentes aos servizos de mercado non financeiros. Tendo en conta o índice para o sector da hostalería da cifra de negocios, a partir de outubro de 2008 as variacións anuais do índice son negativas, e só durante o ano Xacobeo volven aparecer taxas positivas. Dende outubro de 2010 ata decembro de 2012 as variacións anuais do índice son negativas. Ao longo de todo o ano 2013 as variacións anuais no índice son negativas, pero recollen un cambio de tendencia con respecto ao período anterior reflectindo unha mellora no mesmo, tendencia que se segue mantendo ao longo do ano 2014 e tamén ao longo de todo o ano 2015.



**Figura 2:** Evolución do índice da cifra de negocios para a hostalaría en Galicia

FONTE: INE. Indicadores de actividad del sector servicios (IAS). Base 2010. Elaboración propia

### 3. Enquisa de poboación activa

Durante o ano 2015 o número de activos no sector turístico galego (Cadro 2 na páxina 7) ascendeu a 125.141 persoas (6.480 persoas menos que no ano anterior) o que representa unha variación anual do -4,9%. O peso dos activos no sector turístico representa o 9,9% do total de activos de Galicia, 0,4 puntos porcentuais menos que con respecto ao ano anterior, e un 16,0% dos activos do sector servizos, 0,8 puntos porcentuais menos que con respecto ao ano anterior.

O número de persoas ocupadas no sector turístico galego é de 108.813 persoas

Ano 2015							
	Persoas			Variación interanual			
	Activos	Ocupados	Parados	Activos	Ocupados	Parados	Taxa de paro
Agricultura, gandería e pesca	67.957	63.718	4.239	-4,7%	-3,6%	-17,9%	6,2%
Industria	173.022	159.541	13.481	1,1%	3,6%	-21,0%	7,8%
Construción	82.306	73.584	8.723	4,8%	9,6%	-23,2%	10,6%
Servizos	784.143	720.393	63.750	0,1%	1,4%	-12,6%	8,1%
Parados que buscan 1º emprego ou parados que levan máis dun ano sen traballar	153.250		153.250	-9,5%		-9,5%	
<b>GALICIA</b>	<b>1.260.678</b>	<b>1.017.236</b>	<b>243.442</b>	<b>-1,0%</b>	<b>1,9%</b>	<b>-11,7%</b>	<b>19,3%</b>
<b>Turismo</b>	<b>125.141</b>	<b>108.813</b>	<b>16.328</b>	<b>-4,9%</b>	<b>-2,7%</b>	<b>-17,5%</b>	<b>13,0%</b>
Servizos de aloxamento		10.672			8,5%		
Servizo de comidas e bebidas		57.496			-6,2%		
Transporte de viaxeiros		18.873			-7,4%		
Outras actividades turísticas		21.773			7,1%		

**Cadro 2:** Relación coa actividade económica por sectores e taxas de paro

FONTE: Fonte: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

(3.013 menos que no ano 2014) o que representa unha variación anual do -2,7%. O peso dos ocupados no sector representa o 10,7% do total de ocupados de Galicia, 0,5 puntos porcentuais menos que con respecto ao ano anterior, e un 15,1% dos

Ano 2015								
	Persoas			Var. anual			Peso	
	TURISMO	SERVIZOS	GALICIA	TURISMO	SERVIZOS	GALICIA	TURISMO s/ SERVIZOS	TURISMO s/ GALICIA
Activos	125.141	784.143	1.260.678	-4,9 %	0,1 %	-1,0 %	16,0 %	9,9 %
<b>Ocupados</b>	<b>108.813</b>	<b>720.393</b>	<b>1.017.236</b>	<b>-2,7 %</b>	<b>1,4 %</b>	<b>1,9 %</b>	<b>15,1 %</b>	<b>10,7 %</b>
Asalariados	80.718	587.187	800.211	-2,7 %	1,6 %	2,7 %	13,7 %	10,1 %
<i>Indefinidos</i>	<i>48.161</i>	<i>440.587</i>	<i>596.737</i>	<i>-5,1 %</i>	<i>-1,1 %</i>	<i>0,0 %</i>	<i>10,9 %</i>	<i>8,1 %</i>
<i>Temporais</i>	<i>32.556</i>	<i>146.600</i>	<i>203.474</i>	<i>1,0 %</i>	<i>10,8 %</i>	<i>11,3 %</i>	<i>22,2 %</i>	<i>16,0 %</i>
Autónomos	28.095	133.206	217.024	-2,6 %	0,3 %	-0,7 %	21,1 %	12,9 %
<b>Parados</b>	<b>16.328</b>	<b>63.750</b>	<b>243.442</b>	<b>-17,5 %</b>	<b>-12,6 %</b>	<b>-11,7 %</b>	<b>25,6 %</b>	<b>6,7 %</b>
Taxa de paro	13,0 %	8,1 %	19,3 %					
Taxa de asalarización	74,2 %	81,5 %	78,7 %					
Taxa de temporalidade	40,3 %	25,0 %	25,4 %					

### Cadro 3: Persoas segundo a súa relación coa actividade económica no turismo

FONTE: Fonte: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

ocupados do sector servizos, 0,6 puntos porcentuais menos que con respecto ao ano anterior. Tendo en conta a evolución por trimestres ao longo do ano 2015 (Cadro 4 na páxina 8) o primeiro trimestre de 2015 segue coa tendencia negativa no último trimestre do ano 2014, pero a partir dese momento prodúcese un incremento no número de persoas ocupadas en turismo con respecto ao ano anterior (Figura 3 na páxina 9).

O volume de ocupados segundo a comunidade autónoma (Figura 4 na páxina 10)


	2015	Var. anual (%)
Primeiro	103.205	-6,5
Segundo	107.833	-4,6
Terceiro	115.908	-0,5
Cuarto	108.306	0,9
<b>OCUPADOS</b>	<b>108.813</b>	<b>-2,7</b>

### Cadro 4: Ocupados e variación anual por trimestre

FONTE: Fonte: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

recolle que Galicia ten o 10,7 % do total de ocupados da súa economía ocupados no sector turístico, cifra que se sitúa lonxe de comunidades como Andalucía (13,2 %), Illes Balears (27,3 %), Canarias (28,1 %), Cataluña (12,6 %), Comunitat Valenciana (12,9 %) e Madrid (12,4 %). Si se ten en conta o peso dos ocupados no turismo respecto ao total de ocupados no sector servizos, a súa posición mellora cun 15,1 %, superando a Madrid (14,5 %) pero por detrás de Andalucía (16,8 %), Illes Balears (33,0 %), Canarias (32,2 %), Comunitat Valenciana (17,7 %) e Cataluña (17,1 %). Do total de ocupados no sector turístico para o conxunto de España, Galicia represen-






**Figura 3:** Evolución dos ocupados nas ramas características do turismo

FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

ta o 4,7 % do total, por detrás de Andalucía (15,7 %), Illes Balears (6,0 %), Canarias (9,5 %), Cataluña (16,6 %), Comunitat Valenciana (10,4 %) e Madrid (15,0 %).

Durante o 2015 o número de parados no sector turístico galego ascendeu a 16.328 persoas (3.467 persoas menos que no ano anterior) o que representa unha variación anual do -17,5 %. O peso dos parados no sector representa o 6,7 % do total de parados de Galicia, 0,5 puntos porcentuais menos que con respecto ao ano anterior, e un 25,6 % dos parados do sector servizos, 1,5 puntos porcentuais menos que con respecto ao ano anterior. Isto sitúa a taxa de paro no ano 2015 para o sector turístico nun 13,0 %, 2,0 puntos porcentuais menor que a taxa de paro no 2014. A taxa de paro é inferior á do conxunto da economía galega, dun 19,3 %, pero é maior que á do conxunto do sector servizos de Galicia, dun 8,1 %.

Ao longo do ano 2015, había en Galicia menos de nove mil persoas ocupadas no sector turístico galego de orixe estranxeira. Este colectivo é relativamente importante neste sector, onde representa o 7,7 % do total de ocupados no 2015, cunha variación anual con respecto ao ano 2014 do -9,5 % (Cadro 5 na páxina 10). Pola contra, ten unha representación menor no sector servizos, no cal o colectivo estranxeiro representa o 4,0 % do total de ocupados, cunha variación anual do 4,3 %, e dun 3,8 % do



**Figura 4:** Ocupados no turismo sobre o total de ocupados por CCAA

FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

total de ocupados para Galicia no seu conxunto, cunha variación anual do 0,0%.

Dentro das ramas características do turismo, a poboación activa mantívose relati-

	% s/ ocupados Var. anual		
	2014	2015	
<b>Galicia</b>	3,9 %	3,8 %	0,0 %
<b>Servizos</b>	3,9 %	4,0 %	4,3 %
<b>Turismo</b>	8,2 %	7,7 %	-9,5 %

**Cadro 5:** Ocupados estranxeiros en Galicia

FONTE: Fonte: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia


vamente estable entre o terceiro trimestre de 2011 e o primeiro trimestre de 2012. Entre o segundo trimestre de 2012 ata o terceiro trimestre de 2013 hai un incremento continuo de poboación activa (Figura 5 na páxina 12). A partir dese momento prodúcese un descenso na súa cifra global. Este comportamento ven acompañado dun incremento no número de parados entre o primeiro trimestre de 2011 e o primeiro trimestre de 2013, o que implica unha evolución positiva da taxa de desemprego ne-

se período. A partir dese momento o volume de parados parece manter unha razón constante co volume de poboación activa o que leva aparelado un estancamento da taxa de paro ata o primeiro trimestre de 2014. A partir dese momento, comeza un descenso no volume de parados, exceptuando o cuarto trimestre de 2014 e o primeiro de 2015, levando parello un descenso da taxa de paro ata acadar o valor mínimo da serie no terceiro trimestre de 2015. No cuarto trimestre de 2015 comeza a incrementarse novamente a taxa de paro.

Tendo en conta isto, e analizando os datos anuais, o volume de ocupados na economía galega que se atopan nas ramas características do turismo incrementa o seu peso respecto ao total de ocupados en Galicia, pasando dun 10,0% no 2010 a un 11,2% no 2014 (Figura 6 na páxina 13) pero baixa no 2015 a representar o 10,7%. Nos anos 2011 e 2012 o volume de poboación ocupada nas ramas características do turismo sofre unha caída dunha magnitude similar ao do conxunto de ocupados da economía galega facendo que o peso relativo do turismo se manteña estable. No ano 2013 o peso dos ocupados en turismo en Galicia ten un cambio de tendencia con respecto do ano anterior aumentando o seu volume. Este cambio de tendencia unido a unha caída no volume global de ocupados da economía galega, logra que o peso dos ocupados en turismo en Galicia incremente o seu peso. No ano 2014 as cifras en turismo volven a ser negativas, pero dunha importancia menor que para o conxunto da economía galega que comeza o seu cambio de tendencia. No ano 2015 esta tendencia negativa do volume de ocupados nas ramas características do turismo mantense. Isto explica que nos anos 2013 e 2014 o peso dos ocupados en turismo no conxunto da economía galega se manteña estable no 11,2%, pasando a reducirse no 2015.

Analizando o peso relativo fronte á economía española no seu conxunto, o peso da economía galega reduciuse tanto en termos turísticos como para o conxunto da economía de Galicia. A importancia relativa do turismo en termos de ocupados nas ramas turísticas para o conxunto de España, estase a incrementar de xeito constante ao longo do período 2011-2015, mentres que o de Galicia mantívose constante entre o 2013-2014 e reduciuse no 2015, o que leva aparelado un descenso da importancia do turismo de Galicia sobre o conxunto de España, pasando neste 2015 a representar o seu peso máis baixo da serie 2011-2015.


Dentro das actividades características do turismo en Galicia, entre o ano 2010 e o 2015 o número de ocupados reduciuse, pero cun reparto moi desigual tendo en conta as diferentes ramas que forman dito conxunto. Os servizos de aloxamento neste período non aumentou o volume de ocupados, obtendo só cifras positivas de crecemento positivas no ano 2011, no 2013 e no 2015, pero non o suficientemente fortes



**Figura 5:** Evolución da poboación activa e a taxa de paro

FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

para contrarrestar as caídas de 2012 e 2014 e consecuentemente tendo un número de ocupados na rama de Servizos de aloxamento inferior no 2015 ao do 2010. Os servizos de comidas e bebidas gañaron poboación ocupada entre o 2010 e o 2015, pero no 2014 e 2015 o volume de ocupados en dita rama veuse reducindo. Para o período 2010-2015 no caso do transporte de viaxeiros hai unha redución no número de ocupados con cambios na tendencia de crecemento. Nos anos 2012 e 2014 hai unha perda de volume de ocupados mentres que no resto de anos hai un incremento dos mesmos. A tendencia negativa do ano 2014 mantense no 2015. Para a rama de outras actividades turísticas (dentro da cal se engloban as actividades de axencias de viaxe e operadores turísticos) hai un descenso no número de ocupados. Nos anos 2011 e 2012 hai unha perda de poboación ocupada nesta rama de actividade mentres que no resto dos anos, aínda que se producen incrementos, non conseguen compensar esta perda de poboación ocupada na rama con respecto á ocupada no ano 2010.




**Figura 6:** Evolución do volume de ocupados no total da economía e no turismo

FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

### 3.1. Ocupados no sector turístico

O conxunto de ocupados na economía galega nas ramas características do turismo recolle un total de 108.813 persoas, un 2,7 % menos que no ano 2014. A principal rama de actividade que recolle máis da metade de ocupados en turismo é a rama de de Servizo de comidas e bebidas, cun 52,8 %, un 2,0 % menos que no ano 2014. Tendo en conta o sexo, o 53,1 % dos ocupados son mulleres, fronte a un 46,9 % de homes, o que implica que este é un sector feminizado. Tendo en conta os grupos de idade, o grupo máis importante é o comprendido entre os 30 e 45 anos co 41,2 % de ocupados, cifra menor en 1,7 puntos porcentuais ao recollido no 2014, e sendo os menores de 45 anos o 62,6 % do total de ocupados, mentres que no 2014 era un 63,4 %. Tendo en conta o nivel de estudos, o 64,2 % dos ocupados nas ramas características do turismo teñen estudos secundarios, cifra que representaba o 66,6 % no 2014. O grupo de ocupados con estudos superiores pasa de representar o 27,4 % no 2014 ao 29,0 % no 2015.



**Figura 7:** Ocupados segundo rama turística e ano

FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

### 3.1.1. Ocupados: Rama de actividade

En canto ó reparto dos ocupados por ramas de actividade (Figura 7 na páxina 14), os servizos de aloxamento recollen o 9,8 % dos empregados galegos nas ramas características do turismo (10.672 persoas) cunha variación anual do 8,5 %, os servizos de comidas e bebidas recollen o 52,8 % (57.496 persoas) cunha variación anual do -6,2 %, o transporte de viaxeiros co 17,3 % da ocupación (18.873 persoas) e cunha variación anual do -7,4 % e outras actividades turísticas co 20,0 % (21.773 persoas) e cunha variación anual do 7,1 %. Analizando a información por trimestres, obsérvanse comportamentos diferentes. Por un lado a rama de servizos de aloxamento alternou entre unha variación negativa no primeiro semestre do ano e unha positiva no segundo. A rama de outras actividades turísticas tivo unha variación negativa no último trimestre sendo positiva no resto. Pola contra, a rama de servizo de comidas e bebidas e a rama de transporte de viaxeiros tiveron variacións negativas ao longo de todos os trimestres do ano 2015.


### 3.1.2. Ocupados: Sexo

Analizando o volume de ocupados segundo a rama de actividade e o seu sexo (Figura 8 na páxina 16), a maior parte dos ocupados atópanse na rama de servizo de comidas e bebidas independentemente do seu sexo:

- **Transporte de viaxeiros** Dentro do transporte de viaxeiros o 74,7 % dos ocupados son homes, que representan o 13,0 % do total de ocupados no sector turístico, e o restante 25,3 % mulleres, que representan o 4,4 % do total de ocupados no sector turístico. Esta rama recolle o 27,7 % do total de homes ocupados no sector turístico, e o 8,2 % para o caso das mulleres.
- **Servizos de aloxamento** Nesta rama o 43,2 % dos ocupados son homes, que representan o 4,2 % do total de ocupados no sector turístico, e o restante 56,8 % mulleres, que representan o 5,6 % do total de ocupados no sector turístico. Esta rama recolle o 9,0 % do total de homes ocupados no sector turístico, e o 10,5 % para o caso das mulleres.
- **Servizos de comidas e bebidas** Nesta rama o 37,9 % dos ocupados son homes, que representan o 20,0 % do total de ocupados no sector turístico, e o restante 62,1 % mulleres, que representan o 32,8 % do total de ocupados no sector turístico, sendo esta a rama máis feminizada dentro do sector turístico. Esta rama recolle o 42,7 % do total de homes ocupados no sector turístico, e o 61,8 % para o caso das mulleres.
- **Outras actividades turísticas** Nesta rama o 48,3 % dos ocupados son homes, que representan o 9,7 % do total de ocupados no sector turístico, e o restante 51,7 % mulleres, que representan o 10,3 % do total de ocupados no sector turístico. Esta rama recolle o 20,6 % do total de homes ocupados no sector turístico, e o 19,5 % para o caso das mulleres.

No período 2014 - 2015, os servizos de aloxamento cun 9,8 % e as outras actividades turísticas cun 20,0 % de persoas ocupadas, teñen un crecemento positivo. Por ramas de actividade, tanto homes coma mulleres na rama de transporte de viaxeiros reduciu o seu número de ocupados. Ademais, as mulleres no sector de servizos de aloxamento reduciu o seu número de ocupados, o mesmo que os homes pertencentes as ramas de servizo de comidas e bebidas e a outras actividades turísticas. Isto resúmese nunha redución do número de homes ocupados no turismo nun 3,3 % e un aumento do número de mulleres dun 3,3 %.

Tendo en conta a sección da hostalería segundo a CNAE, que recolle as ramas servizos de aloxamento e servizo de comidas e bebidas e que representa o 62,6 % do



**Figura 8:** Ocupados segundo sexo e rama de actividade

FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

total de ocupados no sector do turismo en Galicia, o grupo máis numeroso é o das mulleres. Das 68.168 persoas ocupadas na hostalería en Galicia, o 61,3% son mulleres e o 38,7% homes, o que indica que é un sector feminizado. Para o conxunto de Galicia tendo en conta só as ramas características de turismo, a porcentaxe de mulleres ocupadas atópase nun 53,1%, sendo o sector máis feminizado o de servizo de comidas e bebidas cun 62,1%. Pola contra para o conxunto da comunidade galega a taxa de feminización é dun 47,1% e concretamente para o conxunto do sector servizos (ramas características do turismo incluídas) é dun 56,4%.

### 3.1.3. Ocupados: Idade

Analizando os datos segundo o sexo e grupos de idade dos ocupados (Figura 9 na páxina 18), tanto os homes coma as mulleres están concentrados no tramo de idade que está comprendido entre os 30 e os 45 anos e recolle ao 41,2% do total de ocupados, sendo o menos numeroso o grupo de idade entre os 16 e os 29 anos cun 21,4% dos ocupados. Para o grupo de idade entre 16 e 29 anos, o 42,1% dos ocupados son homes, que representa ao 9,0% do total de ocupados no




sector turístico, e o 57,9% dos ocupados restantes son mulleres, que representan o 12,4% do total. Os homes deste grupo de idade representan o 19,2% do total de homes ocupados no sector turístico, sendo esta porcentaxe do 23,3% para o caso das mulleres. Para o grupo de idade entre 30 e 45 anos, o 46,9% dos ocupados son homes, que representa ao 19,3% do total no sector turístico, e o 53,1% restante mulleres, que representan o 21,9% do total de ocupados. Os homes deste grupo de idade representan o 41,3% do total de homes ocupados no sector turístico, sendo esta porcentaxe do 41,2% para o caso das mulleres. Finalmente, para os ocupados de máis de 45 anos, o 49,6% son homes, que representa ao 18,5% do total de ocupados no sector turístico, e o 50,4% restante mulleres, que representan o 18,8% do total de ocupados. Os homes deste grupo de idade representan o 39,5% do total de homes ocupados no sector turístico, sendo esta porcentaxe do 35,4% para o caso das mulleres. Destacar que o 64,6% do total de mulleres ocupadas no sector turístico de Galicia son menores de 45 anos, mentres que esta porcentaxe se reduce no caso dos homes, representando o 60,5%.

Respecto do ano 2014, o número de ocupados incrementouse no grupo de idade de entre 16 e 29 anos, mentres as persoas entre 30 e 45 anos e de máis de 45 anos reduciron o seu número. Este efecto explícase fundamentalmente polos homes que viron reducido o seu número de ocupados nun 14,7% para o grupo de 16 a 29 anos. Os grupos que máis se incrementan son as mulleres de entre 16 e 29 anos e o das de máis de 45 anos.

#### **3.1.4. Ocupados: Nivel de estudos**

Analizando os datos segundo o sexo e o nivel de estudos (Figura 10 na páxina 19), os ocupados repártense igualmente entre homes e mulleres en cada un dos grupos de estudos (primarios, secundarios ou superiores) concentrándose tanto nos homes como nas mulleres no grupo de estudos secundarios. No caso dos estudos primarios, o 57,2% do total son mulleres que representa o 3,9% do total de ocupados no sector turístico, fronte ao 42,8% dos homes, que representa o 2,9% do total de ocupados no sector. Os homes deste nivel de estudos representan ao 6,2% do total de homes ocupados no sector turístico, e un 7,3% no caso das mulleres. No caso dos estudos secundarios, os homes representan ao 49,0% e recollen o 31,4% do total de ocupados no sector turístico. As mulleres recollen o 51,0% do total de ocupados neste nivel de estudos, o que representa o 32,7% do total de ocupados nas ramas turísticas. Os homes con estudos secundarios representan o 67,0% do total de homes ocupados no sector turísticos, fronte a un 61,6% por parte das mulleres. Tendo en conta os ocupados con estudos superiores, o 43,2% son homes, que representan o 12,5% do




**Figura 9:** Ocupados segundo sexo e idade

FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

total de ocupados dos sector turístico, e un 56,8 % no caso das mulleres, que representan o 16,5 % do total de ocupados no sector turístico. Dos homes ocupados no sector turístico, os que teñen estudos superiores representan o 26,8 %, e un 31,0 % para o caso das mulleres.

Entre o ano 2014 e o 2015 produciuse unha redución de ocupados con estudos secundarios nun 2,4 %, redución que se dou sobre todo nos homes con estudos secundarios nun 3,6 %.

A modo de resumo, o grupo máis numeroso de ocupados no sector turístico son as mulleres de entre 30 e 45 anos con estudos secundarios que se atopan dentro da rama de servizos de comidas e bebidas, que recolle o 12,2 % do total, seguido dos homes de entre 30 e 45 anos con estudos secundarios que se atopan dentro da rama de servizos de comidas e bebidas, que recollen o 12,3 % do total de ocupados dentro das ramas características do turismo de Galicia.



**Figura 10:** Ocupados segundo sexo e estudos

FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

### 3.2. Ocupados no sector turístico segundo a súa situación profesional


A variable ocupados que se recolle dentro da EPA pode ser desagregada segundo a súa situación profesional, podendo separar os ocupados entre asalariados e autónomos (Figura 11 na páxina 20). Seguindo este criterio atópase que asalariado é a situación profesional máis importante, cun 74,2% do total de ocupados fronte a un 25,8% de autónomos.

#### 3.2.1. Situación profesional: Rama de actividade

Tendo en conta as ramas de actividade (Figura 12 na páxina 22), os asalariados representan a maior parte dos ocupados en todas as ramas.

- Transporte de viaxeiros** Nesta rama de actividade o 84,5% dos ocupados son asalariados, que representan o 14,7% do total de ocupados no sector turístico, fronte ao 15,5% de autónomos, que representan o 2,7% do total de ocupados.

Galicia 2015



**Figura 11:** Ocupados segundo situación profesional

FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

Do conxunto de asalariados no sector turístico, o transporte de viaxeiros recolle o 19,8 % do total, e no caso dos autónomos recolle o 10,4 %.

- **Servizos de aloxamento** Nesta rama de actividade o 84,4 % dos ocupados son asalariados, que representan o 8,3 % do total de ocupados no sector turístico, fronte ao 15,6 % de autónomos, que representan o 1,5 % do total de ocupados. Do conxunto de asalariados no sector turístico, os servizos de aloxamento recollen o 11,2 % do total, e no caso dos autónomos recolle o 5,9 %.
- **Servizos de comidas e bebidas** Nesta rama de actividade o 66,0 % dos ocupados son asalariados, que representan o 34,9 % do total de ocupados no sector turístico, fronte ao 34,0 % de autónomos, que representan o 18,0 % do total de ocupados. Do conxunto de asalariados no sector turístico, os servizos de comidas e bebidas recollen o 47,0 % do total, e no caso dos autónomos recolle o 69,5 %.
- **Outras actividades turísticas** Nesta rama de actividade o 81,7 % dos ocupados son asalariados, que representan o 16,4 % do total de ocupados no sector

turístico, fronte ao 18,3% de autónomos, que representan o 3,7% do total de ocupados. Do conxunto de asalariados no sector turístico, as outras actividades turísticas recollen o 22,1% do total, e no caso dos autónomos recolle o 14,1%.

A hostalería recolle o 62,6% do conxunto de ocupados no sector turístico de Galicia, e dentro deste grupo o 68,9% deles son asalariados.


### 3.2.2. Situación profesional: Sexo

Analizando os ocupados segundo rama de actividade, situación profesional e o seu sexo:

#### ■ Asalariados

- **Transporte de viaxeiros** A maior parte dos asalariados nesta rama son homes, os cales representan o 72,0% dos asalariados, e recollen o 32,1% dos homes asalariados no sector turístico, fronte a un 28,0% de mulleres, que representan o 6,9% das asalariadas no sector turístico. Esta rama recolle o 19,8% do total de asalariados no sector turístico de Galicia.
- **Servizos de aloxamento** A maior parte dos asalariados nesta rama son mulleres, as cales representan o 58,5% dos asalariados, e recollen o 11,7% das mulleres asalariadas no sector turístico, fronte a un 41,5% de homes, que representan o 10,4% dos asalariados no sector turístico. Esta rama recolle o 11,2% do total de asalariados no sector turístico de Galicia.
- **Servizos de comidas e bebidas** A maior parte dos asalariados nesta rama son mulleres, as cales representan o 68,7% dos asalariados, e recollen o 58,1% das mulleres asalariadas no sector turístico, fronte a un 31,3% de homes, que representan o 33,2% dos asalariados no sector turístico. Esta rama recolle o 47,0% do total de asalariados no sector turístico de Galicia.
- **Outras actividades turísticas** A maior parte dos asalariados nesta rama son mulleres, as cales representan o 51,0% dos asalariados, e recollen o 20,2% das mulleres asalariadas no sector turístico, fronte a un 49,0% de homes, que representan o 24,3% dos asalariados no sector turístico. Esta rama recolle o 22,1% do total de asalariados no sector turístico de Galicia.

- **Autónomos** Os servizos de comidas e bebidas recolle o 69,5% do total de ocupados autónomos no sector turístico. Nesta rama de actividade, o 49,3%



**Figura 12:** Ocupados segundo situación profesional e rama de actividade


FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

son mulleres e representan o 74,6% das autónomas, fronte a un 50,7% de homes que representan o 65,2% do total de ocupados autónomos no sector turístico.

Dentro dos asalariados os grupos máis numerosos son as mulleres de entre 30 e 45 anos con estudos secundarios que traballan no servizos de comidas e bebidas e recolle o 8,8% do total, as mulleres de máis de 45 anos con estudos secundarios que traballan no servizos de comidas e bebidas e recolle o 5,8%, os homes de entre 30 e 45 anos con estudos secundarios que traballan no servizos de comidas e bebidas e recolle o 5,3%. Estes tres grupos recollen o 19,9% do total de asalariados dentro do sector turístico.

No caso dos autónomos, as mulleres e homes de máis de 45 anos con estudos secundarios pertencentes aos servizos de comidas e bebidas recollen o 14,9% e o 12,4% do total de autónomos no sector turístico de Galicia.

Analizando os datos de ocupados segundo a súa situación profesional e o sexo (Figura 13 na páxina 23), tanto nos homes como nas mulleres o volume de asalariados é superior ao dos autónomos. Respecto aos homes, o 70,2% son asalariados fronte



**Figura 13:** Ocupados segundo situación profesional e sexo


FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

a un 29,8% de autónomos e, no caso das mulleres, o 77,7% son asalariadas fronte a un 22,3% de autónomas. Ademais diso, do conxunto de asalariados, as mulleres presentan un 55,6% de asalariadas fronte a un 44,4% de homes, mentres que no caso dos autónomos o 54,0% son homes fronte a un 46,0% de mulleres.

### 3.2.3. Situación profesional: Idade

Tendo en conta os grupos de idade (Figura 14 na páxina 24), a porcentaxe de asalariados redúcese a medida que a idade vai aumentando.

- Dentro do grupo de entre 16 e 29 anos, o 85,2% dos ocupados son asalariados sendo o 14,8% restantes autónomos. Do conxunto de ocupados en turismo de Galicia, os asalariados deste grupo de idade representa o 18,2% do total, e os autónomos o 3,2%. Este grupo de idade representa o 24,6% do total de asalariados e un 12,3% no caso dos autónomos.
- No grupo de entre 30 e 45 anos, o 77,3% dos ocupados son asalariados sendo o 22,7% restantes autónomos. Do conxunto de ocupados en turismo de Galicia,



**Figura 14:** Ocupados segundo situación profesional e idade

FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

os asalariados deste grupo de idade representa o 31,9 % do total, e os autónomos o 9,4 %. Este grupo de idade representa o 42,9 % do total de asalariados e un 36,3 % no caso dos autónomos.


- No grupo de máis de 45 anos, o 64,5 % dos ocupados son asalariados sendo o 35,5 % restantes autónomos. Do conxunto de ocupados en turismo de Galicia, os asalariados deste grupo de idade representa o 24,1 % do total, e os autónomos o 13,3 %. Este grupo de idade representa o 32,5 % do total de asalariados e un 51,4 % no caso dos autónomos.

### 3.2.4. Situación profesional: Nivel de estudos

Para o caso dos ocupados segundo situación profesional e nivel de estudos acadado (Figura 15 na páxina 25), a porcentaxe de asalariados incrementase segundo maior sexa o nivel de estudos.

- O grupo de ocupados con estudos primarios posúen un 63,6 % de asalariados, que representan ao 4,3 % de todos os ocupados do sector e o 5,8 % dos asala-





**Figura 15:** Ocupados segundo situación profesional e nivel de estudos

FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

riados dentro do sector. Este grupo recolle o 36,4 % de autónomos, que representan o 2,5 % de todos os ocupados e o 9,6 % dos autónomos dentro do sector turístico.

- O grupo de ocupados con estudos secundarios posúen un 73,3 % de asalariados, que representan ao 47,0 % de todos os ocupados e o 63,4 % dos asalariados dentro do sector. Este grupo recolle o 26,7 % de autónomos, que representan o 17,1 % de todos os ocupados e o 66,3 % dos autónomos dentro do sector turístico.
- O grupo de ocupados con estudos superiores posúen un 78,6 % de asalariados, que representan ao 22,8 % de todos os ocupados e o 30,8 % dos asalariados dentro do sector. Este grupo recolle o 21,4 % de autónomos, que representan o 6,2 % de todos os ocupados e o 24,1 % dos autónomos dentro do sector turístico.

### 3.2.5. Situación profesional: Taxa de asalarización

Analizando a taxa de asalarización, o número de asalariados sobre o total de ocupados obtéñense os seguintes resultados:

- **Ramas de actividade** A rama que presenta unha maior taxa de asalarización é a de transporte de viaxeiros cun 84,5 %, seguido de servizos de aloxamento cun 84,4 %, outras actividades turísticas cun 81,7 % e servizo de comidas e bebidas cun 66,0 %.
- **Sexo** As mulleres presentan unha taxa de asalarización dun 77,7 % mentres que a dos homes é dun 70,2 %.
- **Idade** A taxa de asalarización redúcese cando se incrementa o tramo de idade a analizar: entre 16 e 29 anos, 85,2 %, entre 30 e 45 anos 77,3 % e de máis de 45 anos un 64,5 %.
- **Nivel educativo** A taxa de asalarización increméntase co nivel educativo: estudos primarios 63,6 %, secundarios 73,3 % e superiores 78,6 %.


As mulleres entre 16 e 29 anos con estudos secundarios da rama de servizo de comidas e bebidas posúen unha taxa de asalarización do 87,9 %, que é a porcentaxe máis elevada de asalarización. A máis baixa é a correspondente aos homes de máis de 45 anos con estudos secundarios cun 42,8 %. A taxa de asalarización do sector turístico no ano 2015 é dun 74,2 %, igual á do ano 2014. Para o conxunto da economía galega a taxa de asalarización é dun 78,7 % e para o conxunto do sector servizos de Galicia é dun 81,5 %.

### 3.3. Asalariados no sector turístico segundo a modalidade contractual

Analizando agora o caso dos asalariados segundo o tipo de contrato que posúen (Figura 16 na páxina 27), o 59,7 % teñen un tipo de contrato indefinido fronte a un 40,3 % que posúe un tipo de contrato temporal.

#### 3.3.1. Modalidade contractual: Rama de actividade

Analizando os asalariados segundo tipo de contrato e rama de actividade á que pertencen (Figura 17 na páxina 28), compróbase que a maior parte dos asalariados, indefinidos e temporais, atópanse dentro da rama de servizo de comidas e bebidas.




**Figura 16:** Asalariados segundo tipo de contrato

FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

En todas as ramas o peso dos contratos indefinidos é superior ao dos temporais, pero é no caso dos servizos de aloxamento e de comidas e bebidas onde o peso da temporalidade é maior.

- **Transporte de viaxeiros** Dentro do transporte de viaxeiros, o 77,1 % dos asalariados correspóndense con contratos indefinidos e o restante 22,9 % con contratos temporais. Os asalariados indefinidos representan o 15,2 % do total de asalariados do turismo e representan o 25,5 % do total de asalariados indefinidos. Os temporais representan o 4,5 % do total de asalariados do turismo e o 11,2 % do total de asalariados temporais.
- **Servizos de aloxamento** Dentro desta rama, o 56,2 % dos asalariados correspóndense con contratos indefinidos e o restante 43,8 % con contratos temporais. Os asalariados indefinidos representan o 6,3 % do total de asalariados do turismo e representan o 10,5 % do total de asalariados indefinidos. Os temporais representan o 4,9 % do total de asalariados do turismo e o 12,1 % do total de asalariados temporais.




**Figura 17:** Asalariados segundo tipo de contrato e rama de actividade

FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

- **Servizos de comidas e bebidas** Dentro desta rama, o 51,0 % dos asalariados correspóndense con contratos indefinidos e o restante 49,0 % con contratos temporais. Os asalariados indefinidos representan o 24,0 % do total de asalariados do turismo e representan o 40,2 % do total de asalariados indefinidos. Os temporais representan o 23,1 % do total de asalariados do turismo e o 57,2 % do total de asalariados temporais.
- **Outras actividades turísticas** Dentro desta rama, o 64,3 % dos asalariados correspóndense con contratos indefinidos e o restante 35,7 % con contratos temporais. Os asalariados indefinidos representan o 14,2 % do total de asalariados do turismo e representan o 23,8 % do total de asalariados indefinidos. Os temporais representan o 7,9 % do total de asalariados do turismo e o 19,5 % do total de asalariados temporais.

### 3.3.2. Modalidade contractual: Sexo

Tendo en conta o sexo dos asalariados por tipo de contrato e sexo (Figura 18 na páxina 29), un 64,0 % dos homes teñen un contrato indefinido, fronte a un 36,0 %



**Figura 18:** Asalariados segundo tipo de contrato e sexo


FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

de contratos temporais. Ditos contratos indefinidos representan o 28,4 % de todos os asalariados, mentres que os temporais representan un 16,0 %. Pola súa parte nas mulleres un 56,2 % teñen contrato indefinido, o que representa o 31,3 % do total de asalariados do turismo en Galicia, fronte a un 43,8 % de contratadas temporais, que representan o 24,3 % dos asalariados.

Dentro dos contratos indefinidos, o 47,6 % corresponde aos homes e un 52,4 % a mulleres, mentres que nos temporais o 39,6 % son homes e o 60,4 % restante mulleres, o que indica que a proporción de contratos temporais nas mulleres é maior que na dos homes.

### 3.3.3. Modalidade contractual: Idade

Analizando os asalariados por tipo de contrato e grupos de idade (Figura 19 na páxina 30), a temporalidade redúcese a medida que se incrementa o grupo de idade. O grupo de idade entre 16 e 29 anos ten un 26,0 % de contratos indefinidos, que representan o 6,4 % do total de asalariados, fronte a un 74,0 % de contratos temporais,



**Figura 19:** Asalariados segundo tipo de contrato e idade

FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

que representa un 18,2% do total de asalariados. Os contratados indefinidos deste grupo de idade representan o 10,7% do total de asalariados con contrato indefinido, e no caso dos temporais o 45,1%.

O grupo de idade entre 30 e 45 anos ten un 65,8% de contratos indefinidos, que representan o 28,2% do total de asalariados, fronte a un 34,2% de contratos temporais, que representa un 14,7% do total de asalariados. Os contratados indefinidos deste grupo de idade representan o 47,3% do total de asalariados con contrato indefinido, e no caso dos temporais o 36,4%.

O grupo de idade de máis de 45 anos ten un 77,0% de contratos indefinidos, que representan o 25,0% do total de asalariados, fronte a un 23,0% de contratos temporais, que representa un 7,5% do total de asalariados. Os contratados indefinidos deste grupo de idade representan o 41,9% do total de asalariados con contrato indefinido, e no caso dos temporais o 18,5%.

### 3.3.4. Modalidade contractual: Nivel de estudos

No caso de analizar o tipo de contrato dos asalariados por nivel de estudos acadado (Figura 20 na páxina 32), o grupo onde a porcentaxe é maior é o de indefinidos con estudos superiores, cun 68,4 % que representan o 21,0 % dos asalariados. Este grupo significa un 35,3 % do total de asalariados indefinidos.

O grupo dos asalariados temporais con estudos superiores, teñen un 31,6 % de asalariados temporais que representan o 9,7 % dos asalariados. Este grupo significa un 24,1 % do total de asalariados temporais. Os asalariados con estudos secundarios teñen un 55,8 % contratos indefinidos, que representan ao 35,4 % dos asalariados, e un 44,2 % de asalariados temporais, que representan ao 28,0 % dos asalariados. Os asalariados con estudos secundarios e contrato indefinido, son un 59,3 % do total de asalariados indefinidos, e un 69,4 % para o caso dos temporais.


Os asalariados con estudos primarios teñen un 55,1 % contratos indefinidos, que representan ao 3,2 % dos asalariados, e un 44,9 % de asalariados temporais, que representan ao 2,6 % dos asalariados. Os asalariados con estudos primarios e contrato indefinido, son un 5,4 % do total de asalariados indefinidos, e un 6,5 % para o caso dos temporais.

As mulleres de entre 30 e 45 anos con estudos secundarios dentro da rama de servizo de comidas e bebidas representan o 8,8 % de todos os asalariados con contrato indefinido. Si se teñen en conta ademais ás mulleres e homes de entre 30 e 45 anos con estudos secundarios dentro da mesma rama de actividade, recóllense o 13,6 % do total de asalariados con tipo de contrato indefinido. No caso dos asalariados temporais, as mulleres con estudos secundarios entre 16 e 29 anos recollen o 13,7 % de todos os asalariados temporais no sector turístico de Galicia.

### 3.3.5. Modalidade contractual: Taxa de temporalidade

Analizando a taxa de temporalidade, o número de asalariados con contrato temporal sobre o total de asalariados obtéñense os seguintes resultados:

- **Ramas de actividade** A rama que presenta unha maior taxa de temporalidade é a de servizo de comidas e bebidas cun 49,0 %, servizos de aloxamento cun 43,8 %, outras actividades turísticas cun 35,7 % e transporte de viaxeiros cun 22,9 %.
- **Sexo** As mulleres presentan unha taxa de temporalidade dun 43,8 % mentres que a dos homes é dun 36,0 %.



**Figura 20:** Asalariados segundo tipo de contrato e nivel de estudos

FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

- **Idade** A medida que se incrementa a idade, a taxa de temporalidade redúcese: un 74,0 % entre 16 e 29 anos, un 34,2 % entre 30 e 45 anos e un 23,0 % de máis de 45 anos.
- **Nivel educativo** A maior taxa de asalarización é de 44,9 % que corresponde cos estudos primarios, seguindolle a dos estudos secundarios cun 44,2 % e a dos superiores cun 31,6 %.

Os homes de entre 16 e 29 anos con estudos secundarios da rama de servizo de comidas e bebidas posúen unha taxa de temporalidade do 80,3 %, que é a porcentaxe máis elevada seguida das mulleres da mesma idade, nivel de estudos e rama de actividade cun 66,0 %. Respecto o total dos contratos temporais segundo o sexo e o nivel de estudos, a taxa máis alta é a correspondente aos homes de entre 16 e 29 anos con estudos secundarios cunha temporalidade do 80,2 %. Pola contra, a taxa máis baixa corresponde aos homes de máis de 45 anos con estudos secundarios, un 21,3 %.




### 3.4. Ocupados no sector turístico segundo provincia

Os datos da EPA permiten ademais levar a cabo unha análise a nivel provincial do nivel de ocupados. A provincia que máis ocupados nas ramas turísticas recolle é a provincia de A Coruña seguida da de Pontevedra (Figura 21 na páxina 34). En todas as provincias a maior parte dos ocupados atópanse dentro da rama da hostalaría<sup>1</sup>.

#### 3.4.1. Provincias: Rama de actividade

- **Transporte de viaxeiros** O 42,9 % dos ocupados nesta rama atópanse na provincia de A Coruña, que representan a un 7,4 % do total de ocupados dentro do conxunto do turismo para toda Galicia, un 11,7 % en Lugo, que representa o 2,0 % do total de ocupados, o 10,5 % en Ourense, que representa o 1,8 % do total de ocupados de toda Galicia, e o 34,9 % en Pontevedra, que representa o 6,0 % do total de ocupados dentro do turismo de Galicia. Analizando por provincias, esta rama recolle o 16,7 % do total de ocupados para a provincia de A Coruña, o 17,1 % para o caso de Lugo, 19,5 % para Ourense e 17,7 % para Pontevedra.
- **Hostalaría** O 42,1 % dos ocupados nesta rama atópanse na provincia de A Coruña, que representan a un 26,4 % do total de ocupados dentro do conxunto do turismo para toda Galicia, un 13,0 % en Lugo, que representa o 8,1 % do total de ocupados, o 9,8 % en Ourense, que representa o 6,1 % do total de ocupados de toda Galicia, e o 35,1 % en Pontevedra, que representa o 22,0 % do total de ocupados dentro do turismo. Analizando por provincias, esta rama recolle o 59,3 % do total de ocupados para a provincia de A Coruña, o 68,3 % para o caso de Lugo, 65,7 % para Ourense e 64,1 % para Pontevedra.
- **Outras actividades turísticas** O 53,2 % dos ocupados nesta rama atópanse na provincia de A Coruña, que representan a un 10,7 % do total de ocupados dentro do turismo para toda Galicia, un 8,6 % en Lugo, que representa o 1,7 % do total de ocupados, o 6,9 % en Ourense, que representa o 1,4 % do total de ocupados de toda Galicia, e o 31,2 % en Pontevedra, que representa o 6,2 % do total de ocupados dentro do turismo. Analizando por provincias, esta rama recolle o 23,9 % do total de ocupados para a provincia de A Coruña, o 14,5 % para o caso de Lugo, 14,8 % para Ourense e 18,2 % para Pontevedra.

<sup>1</sup>Neste caso debido a un problema de falta de mostra non se pode levar a cabo unha análise da hostalaría de xeito desagregada.



**Figura 21:** Ocupados segundo provincia e ramo de actividade

FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia


### 3.4.2. Provincias: Sexo

Analizando os datos da poboación ocupada no sector turístico segundo provincia e sexo (Figura 22 na páxina 35), a provincia que maior peso ten de ocupación feminina é a de Lugo, onde representa o 59,2% dos ocupados.

Segundo o seu sexo, o 44,9% dos homes atópanse na provincia de A Coruña, que representan o 21,0% do total de ocupados do turismo, o 10,3% en Lugo, que representa o 4,9% do total de ocupados, 9,2% en Ourense, que representa o 4,3% do total de ocupados, e o 35,6% en Pontevedra, que representa o 16,7% do total de ocupados.

O 44,1% das mulleres atópanse na provincia de A Coruña, que representan o 23,5% do total de ocupados do turismo, o 13,3% en Lugo, que representa o 7,0% do total de ocupados, 9,5% en Ourense, que representa o 5,0% do total de ocupados, e o 33,1% en Pontevedra, que representa o 17,6% do total de ocupados.

Por provincias, en A Coruña o 47,3% dos ocupados son homes e o 52,7% son mulleres; na provincia de Lugo o 40,8% son homes e o 59,2% mulleres; na provincia de Ourense o 41,6% son homes e o 53,9% mulleres; na provincia de Pontevedra o



**Figura 22:** Ocupados segundo provincia e sexo

FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia


48,7% dos ocupados son homes e o 51,3% son mulleres.

### 3.4.3. Provincias: Idade

Tendo en conta os datos de ocupados por provincia e grupo de idade (Figura 23 na páxina 36), a porcentaxe máis elevada de xente de máis de 45 anos é a pertencente á provincia de Ourense.

Tendo en conta os ocupados pertencentes ao grupo de idade entre 16 e 29 anos, o 41,3% deles atópanse na provincia de A Coruña, que representan o 8,8% do total de ocupados nas ramas turísticas de Galicia, o 11,8% na provincia de Lugo, que representa o 2,5% do total de ocupados, o 9,4% na provincia de Ourense, que representaba o 2,0% do total, e o 37,4% na provincia de Pontevedra, que presenta o 8,0% do total de ocupados.

Tendo en conta os ocupados pertencentes ao grupo de idade entre 30 e 45 anos, o 45,5% deles atópanse na provincia de A Coruña, que representan o 18,8% do total de ocupados nas ramas turísticas de Galicia, o 11,6% na provincia de Lugo, que representa o 4,8% do total de ocupados, o 7,7% na provincia de Ourense, que re-



**Figura 23:** Ocupados segundo provincia e idade

FONTE: INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia

presentaba o 3,2 % do total, e o 35,2 % na provincia de Pontevedra, que presenta o 14,5 % do total de ocupados.

Tendo en conta os ocupados pertencentes ao grupo de idade de máis de 45 anos, o 45,2 % deles atópanse na provincia de A Coruña, que representan o 16,9 % do total de ocupados nas ramas turísticas de Galicia, o 12,2 % na provincia de Lugo, que representa o 4,6 % do total de ocupados, o 11,2 % na provincia de Ourense, que representaba o 4,2 % do total, e o 31,4 % na provincia de Pontevedra, que presenta o 11,7 % do total de ocupados.

Na provincia de A Coruña, o 19,9 % dos ocupados pertencen ao grupo de idade entre 16 e 29 anos, 42,2 % ao grupo de idade entre 30 e 45 anos e o 37,9 % ao grupo de máis de 45 anos. Na provincia de Lugo, o 21,3 % dos ocupados pertencen ao grupo de idade entre 16 e 29 anos, 40,3 % ao grupo de idade entre 30 e 45 anos e o 38,4 % ao grupo de máis de 45 anos. Na provincia de Ourense, o 21,5 % dos ocupados pertencen ao grupo de idade entre 16 e 29 anos, 33,7 % ao grupo de idade entre 30 e 45 anos e o 44,8 % ao grupo de máis de 45 anos. Na provincia de Pontevedra, o 23,4 % dos ocupados pertencen ao grupo de idade entre 16 e 29 anos, 42,4 % ao grupo de idade entre 30 e 45 anos e o 34,2 % ao grupo de máis de 45 anos.

## 4. Afiliación á Seguridade Social


### 4.1. Evolución temporal

Os datos de emprego do turismo de Galicia, complementáanse coa información provinte da Seguridade Social referente ás afiliacións. Tendo en conta só as ramas de servizos de aloxamento, os servizos de comida e bebida e as actividades de axencias de viaxe e operadores turísticos, lévanse a cabo dúas análises temporais para contextualizar o resto da información.

Representando gráficamente a evolución do número de afiliacións á Seguridade Social mediante as variacións anuais e as mensuais (Figura 24 na páxina 38), entre xaneiro de 2000 e xaneiro de 2009 ditas variacións son positivas o que reflicte un incremento no número de afiliacións, e consecuentemente un incremento no volume de afiliacións á Seguridade Social neste período. A partir de xaneiro de 2006, aínda que as taxas de variación anuais son positivas, van reducíndose ata que pasado xaneiro de 2009 vólvense negativas, o que significa que se perden afiliacións con respecto ao ano anterior. Esta tendencia acaba o seu valor máis baixo no mes de maio de 2009, cando a taxa de variación anual é dun -1,6 %. A partir de aquí, a taxa volvan a medrar ata superar o 3,0 %. A partir de xaneiro de 2011 as variacións anuais de afiliacións atópanse flutuando arredor do cero por cento, pero ao longo do ano 2013 onde as taxas de variación volven a ser negativas, observándose un cambio de tendencia nos últimos meses que se confirma ao longo de todo o ano 2014 no que as taxas de variación anuais son positivas.

Ao longo do ano 2015 a tendencia sitúanse ao redor do 3,0 % ao longo de todo o ano, exceptuando os meses de marzo, no que a variación se sitúa no 5,1 %, e agosto, no que se sitúa no 0,6 %.

Comparando a evolución a través dun índice destas tres ramas co resto da economía (Figura 25 na páxina 39), destácase que a afiliación nestas ramas é unha variable claramente estacional, tendo os seus picos nos meses do verán. A evolución é positiva en todo o período pero durante o 2012 a evolución, aínda que positiva, é menos pronunciada que en períodos anteriores. O resto de servizos da economía galega teñen unha tendencia lixeiramente negativa, aínda que se mantén a súa situación durante todo o período. Os índices de industria e enerxía e agricultura rexistran un descenso no seu índice en todo o seu período. A rama da construción pola súa parte, é a que sofre a caída máis pronunciada de todos os sectores perdendo en todo o período máis do 40,0 % do seu valor.




**Figura 24:** Evolución das afiliacións á Seguridade Social

FONTE: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliacións á Seguridade Social por ramas de actividade. Elaboración propia

## 4.2. Réximes de afiliación

Para lograr unha mellor comparación cos datos de ocupados da EPA, analízanse os datos de afiliación á Seguridade Social cos datos trimestrais para o conxunto das ramas características do turismo, o sector turístico (Cadro 6 na páxina 39). O 69,0 % das afiliacións á Seguridade Social pertencen ao réxime xeral de afiliación, mentres que o 31,0 % restante está no réxime de autónomos. Estas porcentaxes difiren analizando os datos segundo rama de actividade.

- **Transporte de viaxeiros** Dentro desta rama o 77,4 % das afiliacións son no réxime xeral, que representa o 12,6 % do total de afiliacións, e o 22,6 % no réxime de autónomos, que representa o 3,7 % do total de afiliacións no turismo. O transporte de viaxeiros representa o 18,3 % do total de afiliacións no réxime xeral do turismo, e o 11,9 % para o caso das afiliacións no réxime de autónomos.
- **Servizos de aloxamento** Dentro desta rama o 83,7 % das afiliacións son no réxime xeral, que representa o 7,2 % do total de afiliacións, e o 16,3 % no réxime de autónomos, que representan o 1,4 % do total de afiliacións no turismo. Os




**Figura 25:** Afiliacións á Seguridade Social por rama de actividade (xaneiro 1999=100)

FONTE: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliacións á Seguridade Social por ramas de actividade. Elaboración propia

	2015	Var. anual 2014 - 2015
Transporte de viaxeiros	16.485	1,7 %
Servizos de aloxamento	8.654	4,0 %
Servizo de comidas e bebidas	62.708	2,9 %
Outras actividades turísticas	13.356	5,2 %
<b>TURISMO</b>	<b>101.203</b>	<b>3,1 %</b>
Servizos	658.453	2,5 %
Galicia	920.981	2,0 %
TURISMO/Servizos	15,4 %	
TURISMO/Galicia	11,0 %	

**Cadro 6:** Afiliacións á Seguridade Social por ramas de actividade

FONTE: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliacións á Seguridade Social por ramas de actividade. Elaboración propia



**Figura 26:** Afiliacións á Seguridade Social por réxime de afiliación


FONTE: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliacións á Seguridade Social por ramas de actividade. Elaboración propia

servizos de aloxamento representa o 10,4 % do total de afiliacións no réxime xeral do turismo, e o 4,5 % para o caso das afiliacións no réxime de autónomos.

- **Servizos de comidas e bebidas** Dentro desta rama o 63,6 % das afiliacións son no réxime xeral, que representa o 39,4 % do total de afiliacións, e o 36,4 % no réxime de autónomos, que representa o 22,6 % do total de afiliacións no turismo. Os servizos de comidas e bebidas representan o 57,1 % do total de afiliacións no réxime xeral do turismo, e o 72,8 % para o caso das afiliacións no réxime de autónomos.
- **Outras actividades turísticas** Dentro desta rama o 74,8 % das afiliacións son no réxime xeral, que representa o 9,9 % do total de afiliacións, e o 25,2 % no réxime de autónomos, que representa o 3,3 % do total de afiliacións no turismo. As outras actividades turísticas representan o 14,3 % do total de afiliacións no réxime xeral do turismo, e o 10,8 % para o caso das afiliacións no réxime de autónomos.



Galicia 2015




**Figura 27:** Afiliacións á Seguridade Social por provincia

FONTE: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliacións á Seguridade Social por ramas de actividade. Elaboración propia

### 4.3. Análise provincial

Analizando os datos de afiliación segundo provincia e rama de actividade os resultados varía lixeiramente entre unha provincia e outra:


- **A Coruña** O 43,0% do total de afiliación de toda Galicia atópanse na provincia de A Coruña, onde o 69,4% das afiliacións pertencen ao réxime xeral, e o restante 30,6% ao réxime de autónomos. Observando o reparto por ramas de actividade, na provincia de A Coruña o 16,4% das afiliacións son na rama de transportes de viaxeiros, o 7,4% en servizos de aloxamento, o 61,9% servizos de comidas e bebidas e o 14,3% en outras actividades turísticas.
- **Lugo** O 11,8% do total de afiliación de toda Galicia atópanse na provincia de Lugo, onde o 67,4% das afiliación pertencen ao réxime xeral, e o restante 32,6% ao réxime de autónomos. Observando o reparto por ramas de actividade, na provincia de Lugo o 13,4% das afiliacións son na rama de transportes de viaxeiros, o 10,3% en servizos de aloxamento, o 65,0% servizos de comidas e bebidas e o 11,3% en outras actividades turísticas.



**Figura 28:** Afiliacións á Seguridade Social por provincia e réxime

FONTE: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliacións á Seguridade Social por ramas de actividade. Elaboración propia

- **Ourense** O 10,3 % do total de afiliación de toda Galicia atópanse na provincia de Ourense, onde o 64,5 % das afiliación pertencen ao réxime xeral, e o restante 35,5 % ao réxime de autónomos sendo a máis alta de todas as provincias de Galicia. Observando o reparto por ramas de actividade, na provincia de Ourense o 13,8 % das afiliacións son na rama de transportes de viaxeiros, o 7,8 % en servizos de aloxamento, o 69,2 % servizos de comidas e bebidas, o máis elevado de todas as provincias galegas, e o 9,3 % en outras actividades turísticas.
- **Pontevedra** O 34,9 % do total de afiliación de toda Galicia atópanse na provincia de Pontevedra, onde o 70,7 % das afiliación pertencen ao réxime xeral, e o restante 29,3 % ao réxime de autónomos, o máis baixo de todas as provincias. Observando o reparto por ramas de actividade, na provincia de Pontevedra o 17,9 % das afiliacións son na rama de transportes de viaxeiros, o 9,5 % en servizos de aloxamento, o 58,9 % servizos de comidas e bebidas, a porcentaxe máis baixa nesta rama de todas as provincias galegas, e o 13,6 % en outras actividades turísticas.



**Figura 29:** Afiliacións á Seguridade Social por provincia e rama de actividade

FONTE: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliacións á Seguridade Social por ramas de actividade. Elaboración propia

## 5. Metodoloxía e glosario de termos

### 5.1. Metodoloxía

**Afiliación á Seguridade Social** Os datos da afiliación á Seguridade Social ofrece información sobre traballadores afiliados e movementos de altas e baixas de afiliación ao sistema da Seguridade Social. A excepción da análise temporal, que empregan os datos dispoñibles vía web e só recolle ás ramas de servizos de aloxamento (rama 55), servizos de comidas e bebidas (rama 56) e actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes (rama 79), o resto do informe emprega os datos referidas a todas as ramas características do turismo a tres díxitos da CNAE 2009 por trimestres. Deste xeito, dita información segue a mesma estrutura que a dispoñible para a EPA.

**Enquisa de Poboación Activa (EPA)** A Enquisa de Poboación Activa (EPA) é unha investigación continua e de periodicidade trimestral dirixida á poboación que reside en vivendas familiares do territorio nacional e realizada polo INE dende 1964. O obxectivo desta enquisa é obter datos do mercado de traballo e das súas diferentes

categorías (ocupados e parados), pero tamén das persoas alleas ó mercado laboral (inactivos).

A EPA permite comparar os datos entre os países, xa que segue as recomendacións internacionais mencionadas con anterioridade. Proporciona resultados detallados para o conxunto nacional, e para as comunidades autónomas e provincias ofrece información sobre as principais características.

A metodoloxía da enquisa foi modificada no ano 2005 para adecuarse á nova realidade laboral e demográfica do país, aumento do número de estranxeiros residentes e incorporación da nova normativa europea elaborada pola Oficina Estatística da Unión Europea (EUROSTAT).

En xullo de 2008 firmouse un convenio de colaboración entre o INE e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para a duplicación da mostra da EPA no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. O obxectivo da ampliación da mostra é permitir a análise da poboación en relación coa actividade económica cunha maior desagregación do que se viña facendo ata o momento. Como resultado deste convenio, a partir do terceiro trimestre de 2009 incorpórase a mostra adicional recollida polo IGE (234 seccións) utilizando idéntica metodoloxía e o mesmo sistema de traballo de campo que o INE.

Os datos da EPA proporcionados polo IGE si nos permiten a desagregación necesaria, a tres díxitos CNAE 2009, polo que se analizan todas as ramas que se consideran características do turismo segundo as recomendacións internacionais.

## 5.2. Glosario de termos

**Poboación economicamente activa:** conxunto de persoas de idades determinadas que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse a dita produción. É dicir, comprende a todas as persoas de 16 ou máis anos que cumpren as condicións necesarias para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou paradas.

**Poboación ocupada:** persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia.

**Persoas con traballo por conta allea ou asalariadas:** son as persoas que se poden encadrar nas seguintes categorías:

- **Traballando:** persoas que durante a semana de referencia traballaron (de forma esporádica ou ocasional), polo menos unha hora a cambio dun salario ou outra forma de retribución conexa, metálico ou en especie

- Con emprego pero sen traballar: persoas que traballaron no seu emprego actual, pero están ausentes do mesmo durante a semana de referencia e manteñen un estreito vínculo con el, vínculo que se determina segundo a crenza do entrevistado en reincorporarse ou non á empresa e de acordo co período de ausencia. Tamén se inclúen as persoas ausentes do traballo por causa de enfermidade ou accidente, vacacións ou licencias de maternidade, mentres que os ausentes por ter contratos fixos discontinuos, por ser traballadores estacionais ou por estar en espera para incorporarse a un novo emprego, considéranse sen emprego

**Persoas cunha actividade por conta propia:** forman parte desta categoría todas as persoas que se inclúan nos seguintes apartados:

- Traballando: persoas que durante o período de referencia traballaron (de forma esporádica ou ocasional) polo menos unha hora a cambio dun beneficio ou ganancia familiar, en metálico ou en especie
- Con traballo pero sen traballar: persoas que durante o período de referencia tiñan algún traballo a cambio de beneficio ou ganancia familiar pero que estiveron de xeito temporal ausentes do mesmo por motivos de enfermidade ou accidente, vacacións, festas, mal tempo ou outros motivos similares

**Poboación parada ou desempregada:** considéranse paradas as persoas de 16 anos ou máis que reúnan simultaneamente as seguintes condicións:

- Sen traballo, isto é, que non tiveron emprego por conta allea nin propia durante a semana de referencia
- En busca de traballo, é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un emprego por conta allea ou fixeron xestións para establecerse pola súa conta durante o mes precedente
- Disponibles para traballar, isto é, en condicións de comezar a facelo nun prazo de dúas semanas a partir do domingo da semana de referencia

**Taxa de actividade:** porcentaxe do número total de activos sobre a poboación en idade de traballar (poboación de 16 ou máis anos).

**Taxa de ocupación:** porcentaxe de ocupados sobre o total de activos.

**Taxa de paro:** porcentaxe de parados sobre o total de activos.